Trasalba 16 de xaneiro 1964

Sr. Dr. Ricardo Carballo Calero

Lugo

Meu querido amigo e mestre: Estamos xuntos, con grande ledicia miña, na Comisión Académica encarregada de propor as maneiras de lembrar pro setembre a figura do P. Feixó. ¿Que pensa Vde.? Agradecerei moito suas ideas. Coido dada a penuria e "crumena vácua" da Academia que abondaria con unha grande sesión na Universidade de Oviedo – con visita a tumba, estatua, etc. – e conferencias en Ourense e Villanova, como terra natal, Samos – ou no seu caso Lugo – como escola, Pontevedra por os estudios e primeiras leicións de mozo, Compostela por metrópoli e a Cruña por fogar da Academia.

Estou engaiolado na "Grande Estoria"! E traballando outras ves lentamente en algunhas cousas. ¡Oxalá a sua xuventude e poder!. Lembranzas na casa. Sempre seu admirador

Ramón Otero Pedrayo

AC
12 1178